



## CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS DE MEMBROS A CONSELLO ESCOLAR 2024

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG 18 de setembro de 2024), a **XUNTA ELECTORAL** do CEIP Piñeiros do Concello de Narón, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS**, segundo as normas seguintes:

**1º.** De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, **corresponde elixir no presente proceso electoral a 3 pais/nais, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar (2 son por renovación e 1 dos pais/nais – o que acade o menor número de votos- ocupará unha das vacantes por dous cursos académicos ao non ser ocupada nas últimas eleccións a membros de Consello Escolar que tiveron lugar no ano 2022).** Outro pai/nai será nomeado/a pola ANPA "AS Aceas". O/a pai/nai restante continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

**2º.** Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos/as alumnos/as matriculados/as no centro e incluídos no censo correspondente que, dende hoxe e ata o 6 de novembro de 2024, estará exposto na conserxería do centro. **As reclamacións ao referido censo realizaranse, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral do CEIP Piñeiros, ata as 14:00 horas do mércores 6 de novembro de 2024.**

**3º.** Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial. **O prazo para presentar candidaturas comeza o martes 29 de outubro e remata o luns 11 de novembro ás 14:00 horas.**

**4º.** **O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o martes 12 de novembro ás 9:15 horas.** Dita mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a membro de menor idade.

**5º.** Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA "As Aceas" ou, no seu defecto, que estean avalados, cando menos, pola firma de 10 electores.

**6º.** As votacións realizaranse neste centro o martes **19 de novembro de 2024 dende as 9:00 horas ata as 9:30 horas e dende as 13:30 ata as 14:00 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:55 horas.

**7º.** **Na papeleta de votación cada elector fará constar 2 nomes entre os candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento acreditativo.** O voto será directo, secreto e non delegable.

**8º.** Teñen dereito a voto o pai/nai ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos.

**9º.** Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

**10º.** A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón, 28 de outubro de 2024.

A Xunta Electoral do CEIP Piñeiros